



Teaching Guide

| Identifying Data | | | | | 2023/24 |
|---------------------|---|--------|--|---------|---------|
| Subject (*) | Sound and Music | Code | 616G01028 | | |
| Study programme | Grao en Comunicación Audiovisual | | | | |
| Descriptors | | | | | |
| Cycle | Period | Year | Type | Credits | |
| Graduate | 2nd four-month period | Third | Obligatory | 6 | |
| Language | SpanishGalician | | | | |
| Teaching method | Face-to-face | | | | |
| Prerequisites | | | | | |
| Department | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | | |
| Coordinador | Piñeiro Otero, María Teresa | E-mail | teresa.pineiro@udc.es | | |
| Lecturers | González Neira, Ana María Piñeiro Otero, Maria Teresa | E-mail | ana.gneira@udc.es teresa.pineiro@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| General description | <p>Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.</p> <p>Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.</p> | | | | |

Study programme competences / results

| Code | Study programme competences / results |
|------|--|
| A1 | Comunicar mensaxes audiovisuais. |
| A2 | Crear produtos audiovisuais. |
| A3 | Xestionar proxectos audiovisuais. |
| A4 | Investigar e analizar a comunicación audiovisual. |
| A7 | Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual. |
| A8 | Coñecela tecnoloxía audiovisual. |
| A10 | Coñecelo marco legal e deontolóxico. |
| A11 | Coñecelas metodoloxías de investigación e análise. |
| A12 | Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual. |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B6 | Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma |
| B8 | Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| B9 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C1 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C2 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C3 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C4 | Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |



| Learning outcomes | | | |
|---|--|----------------------|----------|
| Learning outcomes | Study programme competences / results | | |
| Comunicar mensaxes audiovisuais | A1 A2 A3 A7 A8 A12 | B2 | C3 C4 |
| Crear produtos sonoros | A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A12 | B2 B3 B4 B8 | C1 |
| Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual | A1 A4 A11 | B6 | |
| Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual | A12 | | |
| Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. | A11 | B3 B4 B8 B9 | C2 |
| Traballar de forma colaborativa. | | B2 B4 B9 | C2 |
| Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora | A7 A11 A12 | B8 | C2 |
| Mellorar a expresión oral. | | B6 | |
| Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión. | A2 A3 A8 | | C2 |

| Contents | |
|------------------------------------|---|
| Topic | Sub-topic |
| 1. O son na narración audiovisual. | I. Introducción ao son audiovisual 1.1. Introducción 1.2. A ilusión do son audiovisual II. Escenario acústico 1.3. Paisaxe sonora 1.4. Espazo sonoro III. O son na industria audiovisual 1.5. O son no cine. Orixe e primeiros hitos 1.6. Os profesionais do son no audiovisual |



| | |
|---|--|
| 2. A dimensión sonora nas combinacións audiovisuais | 2.1. A audiovisión 2.2. O sistema de sons 2.3. Focalización e procesado dos sons 2.4. As combinacións audiovisuais 2.5. Clasificación de sons no relato audiovisual |
| 3. A música | 3.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais 3.2. Breve aproximación histórica á música no cine 3.3. A música audiovisual 3.4. Componentes estruturais e expresivos 3.5. Tipoloxías de música 3.6. Valor engadido pola música 3.7. Funcións da música audiovisual |
| 4. Os efectos de son | 4.1. Ruídos e espazo audible. A construción artificial da realidade 4.2. Tipoloxía de efectos de son 4.3. Cuestións de montaxe, edición e mezcla 4.4. Funcións |
| 5. A voz | 5.1. Introducción 5.2. Vococentrismo e verbocentrismo 5.3. Tipoloxías de voz 5.4. O acusmaseo 5.5. A doblaxe |
| 6. O silencio. | 6.1. O silencio dentro do continuum sonoro 6.2. Tipoloxías de silencio 6.3. Funcións 6.4. Silencio e kinésica |

| Planning | | | | |
|--------------------------------|---|--------------------------------------|-------------------------------|-------------|
| Methodologies / tests | Competencies / Results | Teaching hours (in-person & virtual) | Student?s personal work hours | Total hours |
| Guest lecture / keynote speech | A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9 | 28 | 30 | 58 |
| Case study | A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2 | 2 | 6 | 8 |
| Workshop | A1 A2 A8 A10 A12 C2 | 22 | 4 | 26 |
| Supervised projects | A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4 | 4 | 30 | 34 |
| Collaborative learning | A1 A2 A3 A7 A12 B3 B8 B9 C1 C2 C3 | 2 | 10 | 12 |
| Oral presentation | A7 A12 B2 B4 B6 C2 | 2 | 2 | 4 |
| Personalized attention | | 8 | 0 | 8 |

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

| Methodologies | |
|---------------|-------------|
| Methodologies | Description |



| | |
|--------------------------------|--|
| Guest lecture / keynote speech | <p>Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Complementarase con materiais e contidos audiovisuais, en formato pílula, que se porán a disposición do estudantado a través do campus virtual para a súa consulta antes das clases.</p> <p>Nas sesións maxistras realizaranse microprobas tipo test, para determinar coñecementos e erros frecuentes na comprensión do material teórico, actividades orientadas a reforzar e facilitar a comprensión da materia, así como discusións dirixidas, que esixan ao estudantado amosar a adquisición de conceptos e coñecementos clave da materia.</p> <p>Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregaranse fórmulas de seguemento para determinar o grao de cumprimento da tarefa. Nestes casos as sesións maxistras poderanse destinar á posta en común das tarefas ou a súa corrección colaborativa.</p> |
| Case study | <p>Análise individual dun produto sonoro seguindo un enfoque relacionado cos contidos da materia. Dita análise entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) seguindo as normas previamente sinaladas pola docente. Ademais de avaliar a análise terase en conta a calidade da gravación e edición de son.</p> <p>A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.</p> |
| Workshop | <p>Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico cuxo obxecto é pór en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas. Dentro destas prácticas intégranse dúas con maior ponderación na nota final: un retrato sonoro e o deseño sonoro dunha peza "contrarreloxo".</p> <p>A entrega de ditas prácticas efectuarase de forma habitual ao rematar a clase ou, de ser o caso, no tempo e forma que sinala a docente.</p> |
| Supervised projects | <p>Ideación e planificación en grupo dun proxecto sonoro de carácter seriado cuxa forma, estilo, linguaxe, temática e/ou enfoque resulten innovadores. Deseño e produción integra dun dos episodios-pezas da proposta planeada, a modo de piloto.</p> |
| Collaborative learning | <p>Adaptación en grupo dun álbum ilustrado a formato sonoro. Máis aló da voz narradora, esta adaptación vai ter en conta a creación de personaxes, espazos i -en xeneral- o deseño sonoro íntegro.</p> |
| Oral presentation | <p>Presentacións do proxecto sonoro en diversas fases. Estas presentacións desenvolveranse ao comezo da actividade, na fase de ideación, e -a lo menos- nunha das fases finais de produción do contido.</p> |

Personalized attention

| Methodologies | Description |
|--|--|
| Oral presentation Collaborative learning Guest lecture / keynote speech Case study Workshop Supervised projects | <p>O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas.</p> <p>No caso do audioconto ou o proxecto final (traballos tutelados) que detenten unha maior carga de traballo autónomo, o seguimento destas actividades efectuarase nas clases prácticas sinaladas para tal fin, así como en titorías personalizadas a demanda do/a estudante o do seu equipo de traballo.</p> |

Assessment

| Methodologies | Competencies / Results | Description | Qualification |
|---------------|------------------------|-------------|---------------|
|---------------|------------------------|-------------|---------------|



| | | | |
|--------------------------------|--|--|----|
| Oral presentation | A7 A12 B2 B4 B6 C2 | <p>Presentacións oral do proxecto sonoro (traballo tutelado) nas súas diferentes fases. Nestas presentacións cada grupo deberá explicar o seu proxecto (en función do momento en que se desenvolvan poderán presentar a idea, o desenvolvemento do produto, decisións narrativas e estéticas...) e responder as cuestións dos/as compañeiros/as.</p> <p>As presentacións tamén implican unha participación activa da aula, con suxestións, propostas ou valoracións que poidan mellorar o resultado final.</p> <p>Para a avaliación das presentacións orais débense cumprir os seguintes requerimentos: (1) asistir e participar en cada presentación (propia e na dos restantes grupos), (2) entregar un formulario de valoración-propostas de mellora.</p> | 10 |
| Collaborative learning | A1 A2 A3 A7 A12 B3 B8 B9 C1 C2 C3 | <p>Implica a adaptación, en grupo, dun álbum ilustrado a audioconto (narración dramatizada con construción sonora de espazos, personaxes, situacións...).</p> <p>Conta cunha valoración máxima de 1,5 puntos. Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos obterán una valoración de 0 puntos.</p> | 15 |
| Guest lecture / keynote speech | A1 A2 A4 A7 A11 A12 B9 | <p>No marco das sesións maxistras, ou relacionadas con éstas, desenvolveranse actividades, test, exercicios prácticos, así como discusións dirixidas, orientadas á consolidación dos contidos teóricos. Como parte destas sesións poderanse integrar conferencias de expertos/as na materia ou valorar a asistencia e participación en actividades deste tipo desenvolvidas no eido da Facultade-Universidade.</p> <p>Estas actividades teñen un valor global de 2 puntos (variando en función do número e a calidade dos exercicios entregados e /ou das actividades nas que se participe). Só se admitirán aqueles exercicios entregados en tempo e forma. Aquelas entregas que non cumpran eses requerimentos quedarán anuladas cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Terase en conta a participación oral na aula dentro ou fóra dos debates dirixidos, as intervencións de valor na análise de fragmentos audiovisuais ou a introdución de novos exemplos.</p> | 20 |
| Case study | A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2 | <p>Investigación-análise sobre un produto sonoro seleccionado pola profesora, será realizado de forma individual e entregado en formato audio (vía Moodle). Na avaliación terase en conta tanto a calidade da análise e reflexión crítica como do son, sendo preciso obter un mínimo de 50% da nota para o seu cómputo.</p> <p>Ten unha valoración máxima de 1 punto, na que se inclúe a presentación oral do traballo.</p> <p>No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos quedarán anulados cunha valoración de 0 puntos.</p> | 10 |



| | | | |
|---------------------|---|---|----|
| Workshop | A1 A2 A8 A10 A12 C2 | <p>As prácticas de obradoiro contan cunha valoración máxima de 2 puntos na nota final. A súa avaliación vai depender do número de prácticas entregadas en tempo e forma, así como da calidade dos traballos e a reflexión crítica sobre os mesmos.</p> <p>Dentro destas prácticas obradoiro sinálanse dúas con maior ponderación na nota final: "retrato sonoro" (0,5 puntos) e "contrarreloxo" (0,5 puntos).</p> <p>Para o cómputo das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter asistido, desenvolvido e entregado -a lo menos- o 80% das prácticas tipo obradoiro (prácticas de grupo mediano).</p> <p>Só se admitirán as prácticas/portafolios entregados en tempo e forma. Para ter en conta a entrega débese asistir a sesión correspondente. De non ser así a entrega pasaría a considerarse una práctica fraudulenta co consecuente suspenso da convocatoria.</p> <p>O incumprimento destes requerimentos implicará a anulación da entrega e, polo tanto, da súa valoración (zero puntos).</p> | 20 |
| Supervised projects | A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4 | <p>Ideación, grupal, dun produto sonoro seriado e produción dun episodio.</p> <p>Conta cunha valoración máxima de 2,5 puntos. Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requerimentos obterán una valoración de 0 puntos.</p> | 25 |

Assessment comments



Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega. Nesta explicación e, en xeral, na materia promoverase a reflexión crítica en torno aos condicionantes das desigualdades existentes nos ámbitos da produción, recepción e contidos sonoros-audiovisuais, con especial énfase no que respecta as crenzas, estereotipos e roles de xénero (na liña do ODS5). Con este cometido valorarase positivamente a inclusión da perspectiva de xénero nos exercicios, prácticas e proxectos así como o emprego dunha linguaxe inclusiva no seu desenvolvemento.

Máis aló do xénero nas actividades promoverase o desenvolvemento de actividades e enfoques na liña dos ODS buscando alianzas para acadar os obxectivos (ODS17), con outras entidades (dentro e fóra da universidade).

Dada a importancia do traballo en grupo dentro da materia, estableceranse sistemas de seguemento-avaliación para valorar o grado de cohesión e participación das persoas integrantes, así como para ponderar a nota tendo en conta a súa implicación-participación no proxecto.

Para superar a materia na PRIMEIRA CONVOCATORIA (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos e prácticas da materia. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte, ou na súa totalidade, será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

No caso do alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de asistencia a avaliación da parte teórica (clase maxistral 20% da nota) levarase a cabo a través dunha proba obxectiva de resposta curta, na data oficial do exame. Na mesma liña poderase establecer un calendario alternativo (e equitativo) de entregas para as prácticas tipo obradoiro.

Para superar a materia na SEGUNDA CONVOCATORIA o/a estudante deberá:

Entregar de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta pola docente (peza e normas para o seu desenvolvemento se facilitarán a través do campus virtual), co correspondente dossier. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar na data oficial de exame, no formato sinalado pola profesora (tanto a peza audiovisual co son íntegro, e o dossier). Aprobar o exame (50% puntos) na data oficial. Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro "Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual." Barcelona: UOC. Este exame constituirá o 30% da nota final. En calquera caso, para superar a materia débese aprobar o exame (5 puntos ou 1,5 ponderado) e obter, como mínimo, unha puntuación de 5 na nota final.

No caso de que se detecte a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, debidamente comprobada, implicará un suspenso (nota numérica 0) na materia da convocatoria correspondente do curso académico, tanto si a comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Asemade aqueles/as estudantes que na avaliación continua (primeira convocatoria) queden por debaixo do umbral do 5 (o 50% da puntuación global), incluídas aquelas persoas que desenvolveran algunha acción fraudulenta na primeira convocatoria, deberán presentarse de toda a materia -teoría e práctica- na convocatoria de xullo, seguindo as indicacións e requerimentos desta convocatoria.

Sources of information

| | |
|--------------|--|
| Basic | <ul style="list-style-type: none">- Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós- Piñeiro Otero, Teresa (2019). Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual. Barcelona:UOC- Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid: Instituto Oficial de Radio y Televisión- Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós- Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Barcelona: Universitat de Barcelona- Collins, Karen (2021). Studying sound : a theory and practice of sound design. Cambridge: The MIT Press- Berdasco, Yolanda (2022). Periodismo radiofónico. Madrid: Centro de Estudios Financieros <p>Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.</p> |
|--------------|--|



| | |
|----------------------|--|
| Complementary | <ul style="list-style-type: none">- Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidade en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación- Guijarro, T. y Muela, C. (2003). La música, la voz, los efectos y el silencio en la publicidad : la creatividad en la producción de sonido. Madrid: CIE- Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós- Chion, Michel (2004). La voz en el cine. Madrid: Cátedra- Jullier, Laurent (2006). El sonido en el cine. Barcelona: Paidós- Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press- Ávila, Alejandro (1997). El doblaje. Madrid: Cátedra- Orrantia, Andoni (2020). Diez claves para contar buenas historias en podcast. O como producir contenidos en un entorno digital cambiante. . Barcelona: UOC |
|----------------------|--|

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

History of Cinema and Animation/616G01006

Audio/616G01016

Screenplay Writing/616G01018

Audiovisual Analysis/616G01021

Theory and Practice of Editing/616G01023

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Filmmaking/616G01030

Final Dissertation/616G01034

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.